CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARIA DO PLENO
Data 20 XULL. 2020
ENTRADA
Hora.....Núm. 208

COMPOSTELA ABERTA

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA EVITAR A DISOLUCIÓN DO REFUXIO DE ANIMAIS E A PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO

O pasado xoves celebrouse unha sesión extraordinaria da Fundación Refuxio de Animais, na que a concelleira Esther Pedrosa comunicou que valoraba a posibilidade disolver dita Fundación. Alegou que é "insostible" afrontar os gastos de persoal que superan o 80% do total de gastos anuais do Refuxio. Tamén sorpresivamente, a edila comunicou que valoraba coma alternativa privatizar o servizo.

Desde Compostela Aberta trasladámoslle a Esther Pedrosa que valorabamos dita comunicación como moi grave, fóra da orde do día, e alertamos nesa mesma sesión extraordinaria da inestabilidade que isto suporía para a situación laboral dos traballadores e traballadoras do Refuxio. Ademáis, subliñamos a nosa discrepancia coa posible privatización dunha institución pioneira na atención ao benestar animal en Galicia. Lembramos que na actualidade diversos concellos achegan ingresos para o seu mantemento: Vedra, Teo, Val do Dubra, Touro, Boqueixón, ademais de Santiago de Compostela. A eles sumáronse Trazo e Dodro, nesa mesma reunión da Fundación Refuxio de Animais.

Por todo iso e fronte á opción de privatizar o público,

SOLICITAMOS:

Que o goberno municipal informe das xestións abertas e activas na actualidade para aumentar os ingresos do Refuxio e posibilitar a súa sostenibilidade e, por

último, pregámoslle que abandone valorar a posibilidade da disolución da Fundación do Refuxio de Animais e a privatización do servizo.

Santiago de Compostela, 20 de xullo do 2020

Branca Novo Rei

COMPOSTELA ABERTA

GRUPO MUNICIPAL

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO